SAMUEL LAGO OZÓN (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 14/06/2022
HASH: 08b575cfa10fba5be1e715c7d93335e0

Expte 2250/2022

BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DE CATRO TRABALLADORES/AS NA MODALIDADE DE CONTRATO FORMATIVO PROXECTO: PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL

PRIMEIRA. OBXECTO E POSTOS QUE SE CONVOCAN.

É obxecto da presente convocatoria regular a contratación de catro (4) traballadores 1 Arquitecto/a, e 3 Técnicos/as de Xestión Administrativa, o amparo da subvención outorgada a este Concello por parte da Excma.Deputación de Pontevedra dentro do proxecto: “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL"

Os postos que se convocan, son 1 Arquitecto/a, e 3 Técnicos/as de Xestión Administrativa

SEGUNDA. RÉXIME MODALIDADE DE CONTRATACION E RETRIBUCIÓNS

A contratación realizarase por un período dun ano, baixo a modalidade de contrato formativo regulado no artigo 11.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro

As retribucións son as recollidas na Táboa salarial que figura como Anexo II das Bases Reguladoras do presente proxecto publicadas pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra no BOP nº 74 de 19.04.2022.

Posto: Arquitecto/Arquitecta.
Nivel Profesional: A1
Retribucións Brutas: 1.886,94€, nos que se incúen os seguintes conceptos: Soldo, P.P.Extras, Complemento Convenio, Complemento Especial Adicional.

Posto:Técnicos/as en Xestión Administrativa.
Nivel Profesional: C1
Retribucións Brutas: 1.341,33€, nos que se incúen os seguintes conceptos: Soldo, P.P.Extras, Complemento Convenio, Complemento Especial Adicional.

TERCEIRA. REQUISITOS

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Nacionalidade:

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9

-Ser español

-Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, do Reino de Noruega, da República de Islandia, ou Liechtestein, así como da Confederación de Suiza, ou nacional de algún Estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación la libre circulación de traballadores.

-Tamén poderán participar os extranxeiros non comunitarios que residan legalmente en España conforme ás normas legais vixentes, que reúnan os permisos que lle habiliten para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b)Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c)Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

d)Titulación: Deberá contar coas seguintes titulacións en función da categoría á que se presente:

Posto: 1 Arquitecto/a:
Titulación que habilite para o exercicio da arquitectura.
.
Posto: 3 Técnicos de Xestión Administrativa
Ciclo Superior de Formación Profesional en Administración e Finanzas.

e)Que estean inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego, e estar nos listados de candidatos remitidos pola oficina de Emprego ao Concello.

f)Estar empadroados nalgún dos Concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO

g) Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.

h) Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9

i) Que non estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplen contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

j)Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación..

Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN

As presentes Bases publicaranse na sede electrónica do Concello (https://cambados.sedelectronica.gal) con carácter previo á solicitude da oferta na oficina do Servizo Público de Emprego que levará a cabo unha preselección de aspirantes.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta como Anexo I e dirixiranse ao Sr. Alcalde, puidéndose presentar no Rexistro Xeral do Concello (Praza do Concello 1 CP 36630), vía electrónica a través do Rexistro electrónico da entidade (https://cambados.sedelectronica.gal) ou en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas no prazo de **TRES DIAS NATURAIS**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello.

A dita solicitude virá acompañada de copia do NIF e dos méritos que, no seu caso, se fagan valer para a súa avaliación no concurso.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e de documentación xustificativa de méritos a Presidencia ditará resolución, que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do Concello, publicando a lista provisional de admitidos e excluídos e indicando a designación nominal do Tribunal Cualificador así como o lugar, data e hora no que se avaliarán os méritos do concurso, sinalando un prazo dun día hábil para emendar o defecto que motivase a súa exclusión ou omisión.

No caso de se producir reclamacións deberase dictar nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os aspirantes que no prazo sinalado non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación das probas.

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9

De non presentarse reclamación ningunha, ou se a documentación presentada por todos os aspirantes cumpre cos requisitos establecidos nas bases, a lista provisional elevarase a definitiva.

No caso de se producir reclamacións deberase ditar nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os aspirantes que no prazo sinalado non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación nas probas.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador conformarase de acordo co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A Presidencia poderá dispoñer a incorporación aos traballos do Tribunal de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do tribunal deberanse abster de intervir comunicándoo ó Sr. Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal cualificador non poderá actuar ou se constituír sen a asistencia, como mínimo, de máis da metade dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, actuando con suxeición ás bases da

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9

convocatoria e quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación das mesmas.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan expoñerse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interporse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente nos termos establecidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Os tribunais quedarán incluídos na categoría correspondente conforme ao disposto Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Nos mesmos termos serán retribuídos os/as asesores do tribunal.

SÉXTA. –SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección farase polo sistema de concurso de méritos de acordo cos seguintes criterios de selección, criterios establecidos como Anexo III nas Bases Reguladoras da Ecxma. Deputción Provincial (BOP.74 de 19.04.2022)

a)Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00

b)Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos

c)Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto

d)Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9

e)Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

a)De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.

b)De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

c)De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

d)De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.

e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirlles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster:

http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano
mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/
202058.html)

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aprova o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9

igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

Os aspirantes, xunto coa solicitude de participación na respectiva convocatoria, deberán presentar copia dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Os aspiran poderán alegar a avaliación dos méritos de cuxa acreditación non dispoñan no momento de presentación da solicitude.

En todo caso poderán achegalos ao Tribunal Cualificador ata o día da sesión de avaliación de méritos.

Os méritos que non se aporten ou aleguen coa solicitude de participación ou non se acrediten ata a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

Os méritos alegados polos aspirantes computaranse ata a data de remate do prazo de presentación de instancias.

SÉTIMA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

As puntuacións outorgadas publicaranse na sede electrónica xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na sede electrónica da entidade.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para cada posto de traballo ofertado.

O tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

OITAVA. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES APROBADOS

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da casa do Concello, terá unha advertencia recordando ós aspirantes propostos que deberán presentar a

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9

documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada dentro do prazo de tres días hábiles seguintes á súa publicación.

Os aspirantes propostos deberán de aportar antes da formalización do contrato os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

1)Documento Nacional de Identidade

2)Tarxeta da Seguridade Social

3)Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente

4)Aportar a titulación correspondente e que se determina na Base Terceira.

No caso de que o aspirante proposto renunciase ao posto de traballo, non aporte a documentación requirida ou ben non cumpla cos requisitos para o acceso ao posto convocado indicados poderase formular nova proposta a favor dos que lle sigan na orde de puntuación que quedarán en lista de espera a estes efectos.

No caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ao contrato antes da súa finalización o Concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante.

No caso de que unha vez iniciado o contrato a persoa seleccionada renunciase, ao contrato, procederáse a cubrir o posto coa persoa candidata que figure como suplente no correspondente proceso selectivo

NOVENA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Cambados
Asinado dixitalmente á marxe. O Alcalde

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9

CONCELLO DE CAMBADOS

ANEXO I

INSTANCIA

D..... ....., veciño/a de ....., con domicilio en ....., DNI nº ....., teléfono de contacto nº ....., correo electrónico:

Interesado no concurso convocado para cubrir un posto de _____, mediante un contrato formativo dentro do prgrama PRIMERIA EXPERIENCIA PROFESIONAL polo Concello de Cambados, ante o Sr. Alcalde comparece e,

EXPÓN:

1.Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria.

2.Que se compromete a aportar no seu día os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base oitava.

E por todo esto,

SOLICITA:

Ser admitido ao concurso convocado para cubrir mediante contrato formativo dun posto convocado polo Concello de Cambados aportando a seguinte documentación:

Copia do NIF.

Méritos

Cambados, a _____ de _____ de 2022

O/a Interesado/a

Sr. Alcalde-Presidente do Iltmo. Concello de Cambados.

Cod. Validación: 7MY9PMFZG7TE5KYJXJTKSQD37 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9